

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CEIP PLURILINGÜE SANTA EULALIA DE DUMBRÍA

ÍNDICE

1. Introducción - Marco legal	4
2. Análise do contexto escolar.	6
2.1. Datos identificativos do centro.	6
2.2. Descrición do entorno.	7
2.2.1. Localización do centro escolar.	7
2.3. Orixe do centro escolar.	7
2.4. Aspectos socio-económicos e culturais que o conforman.	7
3. Servizos e relacións coas familias e institucións.	9
3.1. Servizos.	9
3.2. Relacións coas familias e institucións.	10
3.3. Emprego das instalacións do centro por parte doutras entidades.	12
4. Características estruturais do centro.	13
4.1. Dependencias e espazos.	13
4.2. Equipamento.	14
5. Características académicas.	15
5.1. Unidades do centro e alumnado.	15
5.2. Criterios de agrupamento.	15
5.3. Horario.	16
5.4. Profesorado.	16
5.5. Persoal non docente.	17
5.6. Servizos complementarios.	17
6. Sinais de identidade	17
6.1. Principios da actividade educativa.	17

6.2. Fins educativos do centro.....	19
7. Obxectivos do centro.	20
7.1. Ámbito pedagóxico.	20
7.2. Ámbito institucional.....	22
7.3. Ámbito administrativo.	23
7.4. Ámbito humano.....	23
7.5. Ámbito de plurilingüismo.	23
8. Concreción curricular.....	23
8.1. Adecuación dos obxectivos de etapa.	23
8.2. Distribución horaria das materias.	27
8.3. Idioma de impartición das materias.	27
8.4. Contribución das áreas á consecución das competencias clave.....	28
8.5. Elementos transversais.....	29
8.6. Metodoloxía.	30
8.7. Materiais e recursos didácticos.	31
8.8. Oferta educativa, itinerarios e optatividade.	32
8.9. Actividades complementarias.	33
8.10. Plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores.	34
8.11. Plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.	35
8.12. A avaliación, promoción e titulación.	37
8.13. Programacións didácticas.....	39
8.14. Participación do centro en proxectos, plans e programas.	41
8.15. Revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.	41

9. A acción tutorial.....	41
9.1. Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial.	41
10. Organización do centro.	44
10.1. Organigrama.....	44
10.2. Órganos de goberno.	44
10.3. Órganos de coordinación docente.	45
10.4. Dinamizacións e outras funcións docentes.	45
10.5. Ensinanzas non obrigatorias.....	46
10.6. Actividades extraescolares.	46
10.7. Período de adaptación en Educación Infantil.....	46
11. Plan de lectura.	46
12. Plan de biblioteca.	48
13. Plan dixital.	50
14. Plan de actividades físicas e hábitos saudables.....	53
15. Avaliación e revisión do Proxecto Educativo.	55

1. Introducción - Marco legal

No artigo 121 da Lei Orgánica 3/2020, do 9 de decembro, establécese que o proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

No artigo 127 da Lei Orgánica 3/2020, do 9 de decembro, establécese que o Consello Escolar aprobará e avaliará o Proxecto Educativo.

A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

A normativa a ter en conta á hora de elaborar o Proxecto Educativo é o seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE) (BOE do 04 de maio de 2006).
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (BOE do 10 de decembro de 2013).
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 30 de decembro de 2020).
- Decreto 150/2022, do 08 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 09 de setembro de 2022).
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na



Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa (DOG do 13 de xuño de 2023).

- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa (DOG do 13 de xuño de 2023).
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996).
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02 de setembro de 1997).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia (DOG do 25 de maio de 2010).
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega (DOG do 19 de febreiro de 2014).

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (BOE do 30 de xullo de 2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro de 2015).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 21 de decembro de 2011).
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de outubro de 2021).

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

2. Análise do contexto escolar.

2.1. Datos identificativos do centro.

Trátase dun centro de titularidade pública situado na localidade de Dumbría, pertencente ao Concello de Dumbría.

Os seus datos referenciais son os seguintes:

CEIP. Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría

Rúa Dumbría, s/n

15151-DUMBRÍA

Teléfono: 881880654-881880655-881880656 (FAX)

Código do centro: 15021810

Correo electrónico: ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.es

Páxina web: <http://edu.xunta.es/centros/ceipsantaeulaliadumbria>

2.2. Descrición do entorno.

2.2.1. Localización do centro escolar.

O CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría está situado na parroquia de Dumbría, pertencente ao Concello de Dumbría.

O Concello de Dumbría ten unha superficie de 125 km cadrados. O relevo é montañoso con pequenos vales. A terra dedícase a monte con repoboacións de piñeiros e eucaliptos, a cultivos e a pastos. Abundan as augas naturais.

O seu principal medio de comunicación é a estrada C-552, de Fisterra a Coruña.

Hai unha gran riqueza arqueolóxica en todo o Concello, pero está aínda sen estudar.

A poboación está moi dispersa.

Ten preto de 3000 habitantes.

2.3. Orixe do centro escolar.

O CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría foi creado no ano 1981. Ao longo dos últimos anos, debido a falta de alumnado, foron suprimíndose as distintas escolas unitarias.

2.4. Aspectos socio-económicos e culturais que o conforman.

As actividades económicas están relacionadas coa agricultura, gandería, hidroelectricidade e o sector servizos.

Integran o Concello 7 parroquias: San Pedro de Buxantes, Santiago de Berdeogas, San Mamede de Salgueiros, Santa Uxía do Ézaro, San Martiño de Olveira, Santiago de Olveiroa e Santa Eulalia de Dumbría.

O alumnado matriculado procede de seis das sete parroquias que integran o Concello.

Os nosos alumnos/as nas aldeas teñen tradicións e unha cultura propia.

O medio no que viven préstase moito á observación e recollida de datos da natureza.

En relación á situación lingüística, emprégase de forma habitual a lingua galega.

Predominan as casas unifamiliares con pequenos terreos e zonas con árbores.

As familias presentan, en xeral, niveis de estudo medio-baixo.

Actualmente o Concello de Dumbría dispón de 5 puntos de lectura e préstamo de libros: Biblioteca Pública Municipal do Ézaro, Axencia de Lectura de Buxantes, Axencia de Lectura de Dumbría, Axencia de Lectura de Berdeogas e Axencia de Lectura de Olveira.

As diferentes actividades culturais que ofrece o Concello son as seguintes:

- Dumbría: biblioteca, aula de informática, clases de apoio, manualidades, taller de memoria, clases de inglés, informática, teatro e pandereta.
- Salgueiros: clases de apoio, manualidades, clases de inglés e taller de memoria.
- Ézaro: casa cultural, informática, clases de apoio, baile rexional, pandeireta nenos/maiores, manualidades, taller de memoria e clases de inglés.
- Olveira/Olveiroa: casa cultural, informática, clases de apoio, baile rexional, pandeireta, manualidades, taller de memoria e clases de inglés.
- Berdeogas: casa cultural, informática, clases de apoio, pandeireta nenos/maiores, manualidades, taller de memoria e clases de inglés.



- Buxantes: casa cultural, informática, clases de apoio, manualidades, taller de memoria e clases de inglés.

As actividades deportivas que se ofrecen son: aeróbic, educación física de base, fútbol, fútbol sala, voleibol e ximnasia de mantemento.

3. Servizos e relacións coas familias e institucións.

3.1.Servizos.

- Sanidade e asistencia médica:
 - Centro de Saúde de Dumbría.
- Servizos sociais:
 - Programa de información, orientación e asesoramento.
 - Programa de Axuda no Fogar e apoio a unidade convivencial.
 - Programa de Xantar na Casa.
 - Programa de Teleasistencia Domiciliaria.
- Actuacións específicas de prevención e inserción.
- Programa de saúde e calidade de vida dos maiores de Dumbría.
- Programa de actividades de conciliación vida laboral e familiar.
- Programa de dinamización familiar.
- Punto de información á muller.
- Colaboración con organizacións privadas: cruz vermella, Aspadex, ...
- Instalacións deportivas:
 - Instalacións deportivas “O Conco”: campo de fútbol, polideportivo e piscina.
- Servizos e institucións recreativas:

- Área recreativa de Berdeogas, Vilafernández e As Neves.
- Transporte e comunicacións:
 - Autobuses de liña: A Coruña-Fisterra.
 - Paradas de taxi: Dumbría.
- Comercio:
 - Hostelería, Farmacia, Moda, Banca, Ferretería, Supermercado, Pensos, Talleres, Carpintería metálica e de aluminio, Industria (Ferroatlántica), Turismo Rural, Albergues.
- Ensino:
 - CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría.
- Servizos culturais:
 - Biblioteca Pública Municipal do Ézaro.
 - Axencias de Lectura: Buxantes, Dumbría, Berdeogas e Olveira.

3.2.Relacións coas familias e institucións.

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, procurando sempre a fluidez, o trato respectuosos, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñemos especial atención na relación coas familias, co noso centro de adscrición IES Agra de Raíces, coa ANPA e co Concello de Dumbría.

- Relacións escola-familia.

A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre pais e educadores son básicas en calquera etapa educativa.

A escola non pode nin debe pretender substituír á familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e nenas. Canto máis se coñezan os educadores e as familias, máis se favorece o benestar dos rapaces.

A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos e nenas nunha mesma dirección.

Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:

- A través dunha implicación das familias no proceso educativo que conleve un consenso familia-escola e unha comunicación fluída e constante.
- A través do Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro.

A comunicación coas familias é importante de cara ao éxito da actuación da escola. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:

- Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a toda as familias do seu grupo para tratar de temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividade a celebrar, ...
- Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recabar datos sobre:
 - A situación socioambiental do neno.
 - Datos persoais de saúde, relación con outros nenos, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, ...

Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanais de titorías e atención aos pais/nais que quedan establecidas todos os luns de 16.45 a 17.45 horas (posibilidade de modificación en claustro cada curso).

- Relación coa ANPA.

As relacións coa ANPA “15 de maio” son excelentes; sempre están abertos a colaborar coas actividades do colexio.

No ámbito da organización, levan as súas inquiredanzas ao Consello Escolar tanto por problemas de carácter pedagóxico como de conservación do edificio, material escolar, ...

- Relación co centro de adscrición.

O centro non dispón de centros adscritos. O noso centro de adscrición “IES Agra de Raíces” atópase no Concello de Cee.

As relacións co noso centro de adscrición son totalmente cordiais. Cando se estima oportuno ao longo do curso, visitamos este centro co alumnado que se traslada ao mesmo, coa finalidade de establecer unha xornada de acollida na que os alumnos/as visitan as instalacións e manteñen os primeiros contactos cos seus futuros compañeiros/as e docentes.

- Relación co Concello.

Colaboración na realización e organización de distintas actividades complementarias.

3.3. Emprego das instalacións do centro por parte doutras entidades.

Este centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e da Xefatura Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e prexuízos que se puidesen ocasionar no Centro, así como a

responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.

4. Características estruturais do centro.

4.1. Dependencias e espazos.

- O centro dispón das seguintes dependencias sitas nun edificio único:
 - Ximnasio: duchas e vestiarios, almacén deportivo (con dimensións reducidas), baño para mestres, almacén de material escolar (na planta de arriba).
 - Aula de informática – Sala de mestres.
 - Servizos para alumnas e profesoras con lavabos.
 - Servizos para alumnos e profesores con lavabos.
 - 9 aulas.
 - Despacho de dirección.
 - Despacho de secretaría.
 - Departamento de orientación.
 - Comedor.
 - Cociña: con despensa, servizo, vestiario.
 - Sala de caldeiras con acceso independente.
 - Biblioteca.
 - Almacén fondo de libros.
 - Aula auxiliar de AL.
- No exterior: patio descuberto con xogos infantís, escolas unitarias (actualmente inutilizadas e aproveitadas para almacén) e pista polideportiva.

4.2. Equipamento.

- Equipamento de Educación Física: dispoñemos dun patio de recreo que conta cunha pista polideportiva e un campo de minivolea. Contamos cun ximnasio con duchas e un pequeno almacén para material deportivo. Debido as súas reducidas dimensións, o resto de material está colocado na zona dedicada ás clases; este material está composto por pelotas de diferentes tipos, balóns de basquet, volea, balonmán, balóns medicinais, aros de distintos tamaños, cordas, picas, ladrillos ... O ximnasio conta con espaldeiras, bancos suecos, colchonetas de axilidade, unha colchoneta quitamedos e plinto.
- Equipamento de música: a aula de música contén o material básico instrumental. O equipamento de música conta co seguinte material: metalófonos, carillóns, platillo con pé de metal, parella de címbalos, timbais, pandeiretas, pares de maracas, xilófonos, bombo con mazo, pandeiros, triángulos, caixas chinesas, flautas Hohner, pares de claves, güiro, sonajas, unha pizarra portátil con pentagrama.
- Equipamento de informática: na aula de audiovisuais, atopamos 8 ordenadores, 1 impresora, 1 pizarra dixital, 1 retroproector, 1 equipo Home-Cinema, 2 televisións, 1 equipo de vídeo VHS, auriculares.
- Equipamento de Orientación: 1 ordenador, 1 impresora.
- Equipamento de Dirección/Secretaría: 3 ordenadores, 2 impresoras multi-función 1 impresora, 1 impresora de color, 17 tablets, 7 ordenadores móbiles (Aulas móbiles), 3 ordenadores (Alumnado risco fenda dixital), auriculares, 1 cámara de fotos, 1 cámara de vídeo.

- Equipamento Conserxería: 2 máquinas fotocopiadoras, 1 equipo de megafonía, 1 televisión (vestíbulo).
- Equipamentos aulas: 10 ordenadores portátiles, 2 ordenadores de sobremesa, 5 pantallas dixitais, 3 pizarras interactivas, 4 retroproectores.
- Nas escolas unitarias, imos almacenando diverso material informático que xa non está en condicións de uso.

5. Características académicas.

5.1. Unidades do centro e alumnado.

O centro conta con 4 unidades, das cales 1 corresponde á etapa de Educación Infantil; sen embargo, nos últimos cursos estase contando cunha unidade máis pero unicamente habilitada nesta etapa. O catálogo de postos de traballo que determina o número de unidades de cada centro pode modificarse cada ano.

O número de alumnos matriculados oscila entre 60 e 70 nos últimos anos.

5.2. Criterios de agrupamento.

As pautas para establecer os agrupamentos son os seguintes:

- Para Educación Infantil:
 - O equipo directivo e os/as mestras de E.I. reuniranse a finais de curso para analizar a matrícula e decidir os agrupamentos, tendo en conta o catálogo de postos de traballo e a lexislación correspondente.
 - Respectaranse as ratios establecidas pola lei establecéndose dous grupos mixtos somentes no caso de existir unha gran desproporción en canto a número de alumnado entre as dúas aulas.

- De ter que repartir alumnos do 2º nivel de E.I. entre as dúas unidades, o criterio a seguir sería a idade. En todo caso, en cada aula quedará un grupo significativo de alumnos, estando a proporción condicionada polo número de alumnos/as matriculados nese nivel.
- Para Educación Primaria:
 - O equipo directivo e os mestres/as de E.P. reuniranse a finais de curso para analizar a matrícula e decidir os agrupamentos, tendo en conta o catálogo de postos de traballo e a lexislación correspondente.
 - Respetaranse as ratios establecidas pola lei, establecéndose os grupos mixtos que sexan necesarios.

5.3. Horario.

O horario lectivo do centro é de 9.30 a 14.30 horas nos meses de setembro e xuño. Nos meses de outubro a maio o horario de mañá é de 10.00 a 13.20 horas e, pola tarde, de 14.50 a 16.30 horas.

O alumnado de educación infantil que se incorpore ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola.

O horario correspondente ás diferentes tarefas de carácter tutorial e atención a pais/nais decidiranse a principios de curso no primeiro claustro.

5.4. Profesorado.

O catálogo de postos de traballo (modificable cada ano) do centro actualmente é o seguinte:

- 1 de Educación Infantil.
- 2 de Educación Primaria.

- 1 Educación Física.
- 1 Educación Musical.
- 1 Lingua Inglesa.

Asemade, contamos co seguinte persoal docente compartido:

- 1 Relixión Católica.
- 1 Audición e Linguaxe.
- 1 Pedagogía Terapéutica.
- 1 Orientador/a.

5.5. Persoal non docente.

- Dúas cociñeiras.

5.6. Servizos complementarios.

O centro conta con servizos complementarios de transporte e de comedor escolar cuxos aspectos de organización e funcionamento atópanse desenvolto no NOF e na PXA.

6. Sinais de identidade

6.1. Principios da actividade educativa.

A actividade educativa desenvolverase atendendo aos principios recollidos na lexislación educativa vixente:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación, e que actúe



como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- A orientación educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- O recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos.
- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro educativo.

- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento dos centros docentes.
- A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- O fomento e promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensinanza e aprendizaxe como nos seus resultados.

6.2. Fins educativos do centro.

O Proxecto Educativo orientarase á consecución dos seguintes fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.

- A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular o seu propio aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e o recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e nunha lingua estranxeira.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

7. Obxectivos do centro.

7.1. Ámbito pedagóxico.

- Opción metodolóxica:
 - Fomentar no alumnado o interese na súa propia aprendizaxe actuando o profesorado como guía e orientador neste proceso.



- Favorecer a cooperación, evitando a competición entre o alumnado, potenciando sempre que sexa posible as actividades do grupo.
- Fomentar a ensinanza activa, crítica e investigadora.
- Potenciar a creatividade e iniciativa do alumnado.
- Acadar a integración dos/das alumnos/as suplindo as súas carencias por medio dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- Fomentar a educación en valores no respecto aos principios de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais: democracia, solidariedade, responsabilidade ...
- Do contido do ensino:
 - Os obxectivos de cada área.
 - Proporcionar ao alumnado unha adecuada orientación persoal, escolar e profesional mediante un sistema de tutorías apropiado.
 - Adecuar as estratexias da ensinanza ás necesidades dos nosos estudantes poñendo especial interese naqueles que teñan necesidades específicas de apoio educativo.
 - Estimular hábitos de traballo e estudo, dotando ao alumnado de técnicas instrumentais.
 - Priorizar o perfeccionamento da lecto-escritura en todos os ámbitos do currículo.
 - Favorecer o traballo persoal e en equipo do alumnado potenciando capacidades de observación e análise e reflexión crítica.
- Das funcións do profesorado:



- Procurar e promover a coordinación dos profesores.
- Estimular e procurar a participación nos diferentes órganos de coordinación docente.
- Velar polo cumprimento das responsabilidades que derivan da función titorial.
- Cumprir as programacións anuais, plans de centro, etc., no maior grao posible e facer as correccións oportunas dándolles difusión e facendo partícipe ao resto do Claustro e Consello Escolar.

7.2. Ámbito institucional

- A nivel interno:
 - Procurar a socialización.
 - Fomentar a convivencia e integración de todo o alumnado.
 - Potenciar os hábitos de participación nos órganos colexiados.
 - Potenciar a democratización no proceso educativo.
 - Potenciar a relación e colaboración coa ANPA.
- A nivel externo:
 - Fomentar os valores culturais do Concello.
 - Fomentar a participación de toda a Comunidade Educativa no proceso escolar.
 - Fomentar a colaboración coas institucións locais.
 - Potenciar as relacións do Centro con outros centros de ensino.
 - Implicar a escola nos problemas ambientais da nosa zona e do planeta.
- A nivel de formación permanente:

- Favorecer e potenciar as iniciativas de renovación pedagóxica e dotalas dos medios materiais necesarios para que se realicen con éxito.
- Favorecer a formación permanente do profesorado.

7.3. Ámbito administrativo.

- Realizar unha xestión administrativa e económica e eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

7.4. Ámbito humano.

- Fomentar as relacións do centro coas familias, implicándoos en todo o que se refire a educación dos seus fillos.
- Dotar ao persoal non docente dun marco de actuación preciso, tendo en conta as súas opinións e intereses.
- Acadar as melloras posibles nos servizos de comedor e de transporte escolar.

7.5. Ámbito de plurilingüismo.

- Acadar que o alumnado do centro teña unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro.

8. Concreción curricular.

8.1. Adecuación dos obxectivos de etapa.

Os obxectivos de etapa refírense aos logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar cada unha das etapas do sistema educativo e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomenten a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo como relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.



- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.



- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentado a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Para unha correcta adecuación destes obxectivos ao contexto do noso centro deberemos de ter en conta os seguintes aspectos:

- Somos un centro que conta cun número de alumnos que oscila nos últimos anos entre 60-65 nenos/as, polo que todos e todas se coñecen. O alumnado de maior idade sempre se interesa polos máis pequenos, axudándolles en todo o que precisan, inclusive nos períodos de lecer.
- Somos un centro rural, no que a case totalidade do alumnado emprega o servizo de transporte e de comedor.

- Somos un centro no que nos últimos anos fomos incorporando as novas tecnoloxías á educación, a través da formación permanente do profesorado, da adquisición de dispositivos informáticos...
- Somos un centro que conta cunha biblioteca informatizada e adecuada a cada unha das etapas do centro, co emprego do programa Meiga para o empréstito e devolucións de libros.
- Somos un centro no que a súa comunidade educativa emprega maiormente a lingua galega, respectando os valores e as tradicións desta cultura.
- Somos un centro que vimos participando no Plan Proxecta+, en concreto nos Proxectos de Vida Activa e Participativa na modalidade de Xogade, fomentando a importancia da práctica da actividade física como forma fundamental no benestar do alumnado, así como adquisición de hábitos saudables.
- Somos un centro plurilingüe, no que a materia de Educación Plástica e Visual na etapa de primaria é impartida en Lingua Inglesa.

Con todo isto, a adecuación destes obxectivos será plasmada en cada unha das programacións didácticas e de actividades e tarefas correspondentes a cada curso, elaboradas con carácter anual.

8.2. Distribución horaria das materias.

Son as establecidas no Anexo III do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

8.3. Idioma de impartición das materias.

Na etapa de Educación Infantil, tal como se recolle no artigo 5 do Decreto 79/2010 de plurilingüismo, e unha vez realizada a consulta aos pais non vinculante como consecuencia da

sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a lingua a empregar será o galego, sen prexuízo do establecido no punto 4 do artigo citado.

Con respecto a Educación Primaria, e tendo en conta o punto 3 do artigo 6, a distribución proporcional das materias será establecida en claustro.

8.4. Contribución das áreas á consecución das competencias clave.

As competencias clave refírense aos desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinaria.

As competencias que debemos desenvolver tanto na etapa de Educación Infantil como na etapa de Educación Primaria son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).

- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CD).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

8.5. Elementos transversais.

Tal como establece o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 16, na etapa de educación infantil trataranse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 7, 8 e 9 do artigo 15:

7. Nos dous ciclos desta etapa, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores.

8. Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.

9. Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Tal como establece o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 17, na etapa de educación primaria trataranse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16:

9. Sen prexuízo do seu tratamento específico das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

10. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable, e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

11. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educactiva, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

8.6. Metodoloxía.

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe do noso alumnado. Por iso cremos oportuno que o alumno sexa protagonista activo do seu propio proceso, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

A nosa metodoloxía será activa, participativa, individualizada, socializadora, motivadora e potenciadora da autoestima e o éxito. Todo iso encamiñado a conseguir que os nosos alumnos sexan responsables, autónomos, sociables, tolerantes e que aprendan a vivir en sociedade.

Enmarcados dentro dos obxectivos de centro, no seu ámbito pedagóxico, destacamos os seguintes criterios metodolóxicos:

- Fomentar no alumnado o interese na súa propia aprendizaxe actuando o profesorado como guía e orientador neste proceso.
- Favorecer a cooperación, evitando a competición entre o alumnado, potenciando sempre que sexa posible as actividades do grupo.
- Fomentar a ensinanza activa, crítica e investigadora.
- Potenciar a creatividade e iniciativa do alumnado.
- Acadar a integración dos/das alumnos/as suplindo as súas carencias por medio dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- Fomentar a educación en valores no respecto aos principios de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais: democracia, solidariedade, responsabilidade...
- Adecuar as estratexias da ensinanza ás necesidades dos nosos estudantes poñendo especial interese naqueles que teñan necesidades específicas de apoio educativo.
- Estimular hábitos de traballo e estudo, dotando ao alumnado de técnicas instrumentais.
- Priorizar o perfeccionamento da lecto-escritura en todos os ámbitos do currículo.
- Favorecer o traballo persoal e en equipo do alumnado potenciando capacidades de observación e análise e reflexión crítica.

8.7. Materiais e recursos didácticos.

Con respecto á etapa de Educación Infantil, os materiais e recursos didácticos deberán de ter unha utilidade enfocada a desenvolver as capacidades afectivas, físicas e intelectuais na medida das súas posibilidades.

O material didáctico variará en torno aos xogos educativos, material impreso, instrumentos de ritmo, pinturas, material de refugallo... e que se caractericen pola súa seguridade,

resistencia, fácil manexo, finalidade pedagóxica, atractivos, múltiples usos, que inciten á investigación...

A súa elección centrarase en:

- Obxectivos, contidos e criterios de avaliación propios da etapa.
- Nivel psicoevolutivo dos nenos e das nenas.
- Adaptación a actividades diversas, diferente tipoloxía e potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- Contexto do centro.

Con respecto á etapa de Educación Primaria, a elección dos materiais e recursos didácticos virán concretados en cada unha das programacións didácticas realizadas para cada un dos cursos por parte dos profesores e profesoras responsables, e que se elaborarán con carácter anual.

De xeito xeral, a súa elección centrarase en:

- Obxectivos, contidos e criterios de avaliación propios de cada un dos cursos.
- Nivel psicoevolutivo dos nenos e das nenas.
- Adaptación a actividades diversas, diferente tipoloxía e potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- Contexto do centro.

Debemos de contemplar, ademais, a posibilidade de elaboración por parte do profesorado de calquera material que complemente ao xa mencionado.

8.8. Oferta educativa, itinerarios e optatividade.

O alumnado que non opte pola área de Relixión Católica terá como alternativa a materia de Proxecto Competencial.

8.9. Actividades complementarias.

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Deberán figurar na programación xeral anual do centro.

A participación do alumnado nelas é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra da localidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ós alumnos que non participen nelas.

De acordo co establecido no artigo 71 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e o sinalado no apartado 6.4 da Orde do 22 de xullo de 1997, é o equipo de actividades complementarias e extraescolares do centro o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. A súa constitución realízase ao principio de cada curso.

As actividades complementarias, tal como establece o noso Proxecto Educativo, son actividades que están integradas na actividade lectiva normal, e que se realizan coa finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades do alumnado:

- Celebración do Magosto.
- Celebración do Nadal.
- Celebración do Día da Paz.
- Celebración do Entroido.
- Celebración das Letras Galegas.
- Elaboración e edición da Revista Escolar.

- Actividades de promoción da lectura.
- Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis.
- Saídas ocasionais para participar en distintas actividades didácticas: concertos didácticos, representacións teatrais...

Para o deseño das actividades complementarias terase en conta, ademais, as conmemoracións fixadas na Orde que establece o calendario escolar para cada ano académico. Ademais responderán a uns criterios de integración, coeducación, motivación, igualdade, convivencia, tolerancia e respecto.

8.10. Plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores.

Tal como establece o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 22, o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

De igual xeito, a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, establece que, o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

Segundo a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as medidas de atención á diversidade son as que se refiren

ás actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.

8.11. Plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

Tal como establece a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

Artigo 50. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

8.12. A avaliación, promoción e titulación.

En canto á etapa de Educación Infantil, e tal como establece o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

En canto á etapa de Educación Primaria, e tal como establece o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso

no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

Con respecto á promoción, e tal como establece a normativa vixente, e as propias NOF do noso centro:

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada

para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

8.13. Programacións didácticas.

Tal como establece o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 14, os centros docentes desenvolverán o currículo do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para

cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- Introducción.
- Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas
- Metodoloxía.
- Avaliación.
- Medidas de atención á diversidade.
- Temas transversais.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Práctica docente.

Tal como establece o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 15, os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- Introducción.
- Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

- Relación de unidades didácticas
- Metodoloxía.
- Avaliación.
- Medidas de atención á diversidade.
- Temas transversais.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Práctica docente.

8.14. Participación do centro en proxectos, plans e programas.

No inicio e ao longo de cada curso, a través de diferentes reunións de equipos docentes, analizaranse as diferentes posibilidades de participación do centro en proxectos, plans e programas preferiblemente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

8.15. Revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así o mencionado documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

9. A acción titorial.

9.1. Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción titorial.

O Departamento de Orientación establece as súas liñas xerais de actuación, fundamentadas nos seguintes postulados:

- Non hai alumnado irrecuperable, todos e todas poden progresar se teñen unha atención adecuada. Hai que evitar o “etiquetar” e o rebaixar expectativas sobre o que son capaces de facer os nenos/as.

- O progreso na aprendizaxe non depende tanto de capacidades innatas predeterminadas, senón da calidade e cantidade das aprendizaxes realizadas.
- A aprendizaxe é basicamente un resultado da interacción social. É moi importante o planteamento e seguimento de aspectos non só académicos, senón tamén persoais, relacionais e afectivos.

A planificación xeral de actividades do Departamento de Orientación irá encamiñada aos seguintes principios de actuación:

- Prevención: reducir o índice de novos casos-problema implica traballar para anticiparse a eles, desenvolvendo una actuación proactiva.
- Desenvolvemento: conseguir o máximo desenvolvemento de tódalas potencialidades dos alumnos/as, considerando ó individuo en continuo proceso de desenvolvemento persoal.
- Cooperación: articular un traballo conxunto e coordinado de todos os axentes implicados.
- Universalidade: Actuación dirixida a todos o alumnado, aínda que adaptada aos distintos niveis.
- Demanda: elaborar programas de intervención na medida en que sexan sentidos como necesidades pola comunidade educativa.

Os ámbitos de intervención serán os seguintes:

- Mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Avaliar o desenvolvemento de capacidades xerais como motivación, atención, memoria, razoamento e creatividade de todos os grupos-clase.
 - Avaliar o desenvolvemento de capacidades específicas como comprensión lectora e resolución de problemas.

- Atención á diversidade:
 - Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que soliciten os mestres/as titores e/ou as familias.
 - Asesorar nas adaptacións curriculares que decida elaborar o equipo docente segundo conclusións correspondentes da Xefatura do Departamento de Orientación tras valoración psicopedagóxica.
 - Actualizar os informes psicopedagóxicos dos alumnos/as que se considere que necesitan unha adaptación curricular.
 - Asesorar no proceso de avaliación inicial.
- Funcións do Departamento de Orientación:
 - Establecer criterios, a través das reunións no Departamento sobre:
 - Solicitudes de avaliacións psicopedagóxicas.
 - Organización de reforzos educativos.
 - Organización de apoios.
 - Alumnado que deben acudir ás aulas de apoio (de P.T. e A.L.)
 - Elaboración de informes psicopedagóxicos.
 - Asesorar na elaboración de adaptacións.

A planificación xeral de actividades do Departamento de Orientación, tamén van encamiñadas ás seguintes liñas prioritarias de actuación, en relación ao Plan de Acción

Titorial:

- Asesorar aos titores que así o soliciten, co fin de colaborar e apoiar a acción tutorial.
- Intervir directamente co alumnado naqueles casos nos que sexa necesario.
- Promover a relación, interacción e cooperación entre o centro e as familias.

- Facilitar e proporcionar medidas específicas para a atención á diversidade.
- Asesorar sobre o material de apoio necesario que soliciten os titores para traballar con aqueles alumnos/as que presenten algunha dificultade.
- Apoiar e asesorar ao profesorado na atención do alumnado con reforzo educativo (RE) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

10. Organización do centro.

10.1. Organigrama.



10.2. Órganos de goberno.

- Colexiados:
 - Claustro de profesores: é o órgano pedagóxico supremo do Centro Escolar. A súa composición e competencias veñen recollidas nos artigos 128 e 129 da LOE.
 - Consello Escolar: é o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición vén recollida no artigo 126 da LOE e as súas competencias veñen recollidas no artigo 127 da LOE, coas modificacións introducidas no punto 80 do artigo único da LOMCE:
- Unipersoais (depende do número de unidades que poden variar cada curso escolar):

- Director/a: as súas competencias veñen recollidas no artigo 132 da LOE, tendo en conta as modificacións introducidas no punto 81 do artigo único da LOMCE.

10.3. Órganos de coordinación docente.

- Comisión de Coordinación Pedagóxica: a súa composición e competencias veñen reguladas nos artigos 61 e 62 do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).
- Equipos docentes.
- Equipo de dinamización da lingua galega: as súas funcións veñen reguladas na Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 02-09-97)
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares: as súas funcións veñen reguladas na Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 02-09-97).

10.4. Dinamizacións e outras funcións docentes.

Atendendo ás necesidades do alumnado, o equipo directivo, oído o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Reforzo educativo.
- Atención á diversidade.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.
- Apoio á educación infantil.

O equipo directivo, oído o Claustro, designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual así como ao profesorado colaborador con horario lectivo dispoñible. Poderanse establecer dinamizacións como:

- Novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Biblioteca.
- Convivencia escolar.
- Outras actividades análogas que se establezan na PXA.

10.5. Ensinanzas non obrigatorias.

As ensinanzas de educación musical e psicomotricidade, non obrigatorias na etapa de educación infantil, impartiranse nas condicións que se fixen na programación xeral anual para cada curso de acordo coa dispoñibilidade horaria do profesorado.

10.6. Actividades extraescolares.

A oferta de actividades realizarase cada curso, ao comezo da actividade lectiva, e figurará na Programación Xeral Anual. A ANPA é a responsable de contratar aos monitores responsables de cada actividade, ademais do seu financiamento.

10.7. Período de adaptación en Educación Infantil.

A principios de cada curso, o profesorado de Educación Infantil manterá unha reunión coas familias do alumnado que se incorpore no 4º nivel desta etapa para informar, segundo a orde do calendario correspondente, do período de adaptación nesta etapa.

11. Plan de lectura.

INTRODUCCIÓN

Tal como establece o artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa



educativa, os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura:

Tendo en conta o Proxecto Lector de Centro, que foi aprobado polo claustro e consello escolar o 30 de xuño de 2009, e seguindo as instrucións remitidas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o equipo de biblioteca elabora un plan anual de lectura cunhas determinadas liñas de actuación que, no seguinte apartado, pasamos a detallar.

ANÁLISE DO CONTEXTO

Os principais problemas que nos atopamos en relación á lectura son os seguintes:

- Falta de comprensión: debida ao escaso vocabulario que manexa gran parte do alumnado e, nalgúns casos, á deficiente adquisición da técnica lectora (silabeo, falta de retención de datos...)
- Dificultades para seleccionar a información relevante ou para elaborar esquemas e resumos.
- Problemas para elaborar textos e traballos integrando diversas informacións.
- Falta de hábito lector, tanto por non ser unha actividade habitual nas familias como por dedicar a maior parte do tempo a outro tipo de actividades.

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos que pretendemos acadar son os seguintes:

- Mellorar os resultados académicos do noso alumnado a través do desenvolvemento dos instrumentos imprescindibles para iso: a expresión oral e a escrita.
- Aumentar a motivación do alumnado e mellorar a súa actitude cara a aprendizaxe.

- Fomentar entre o alumnado o pracer pola lectura, desenvolver o seu sentido crítico e proporcionarlles alternativas ao ocio.

Con respecto aos indicadores, virán determinados dentro do Equipo de Dinamización de Lingua Galega, aportando os diferentes membros conclusións do traballo realizado ao longo do curso, especificando o indicador de logro de cada un dos obxectivos formulados (non acadado-en proceso-acadado).

PROCEDIMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN

Realizarase un seguimento deste plan nas diferentes reunións do Equipo de Dinamización de Lingua Galega.

A avaliación basearase no grao de participación do alumnado, na observación do seu comportamento durante o desenvolvemento das actividades e na realización de enquisas para que o alumnado poida valorar as propostas que se lle ofreceron e suxerir outras que sexan do seu interese.

A modificación deste plan será valorado cada final de curso.

A difusión virá dado pola publicación do Proxecto Educativo na páxina web do centro.

12. Plan de biblioteca.

INTRODUCCIÓN

Tal como establece o artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa, os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca.

A principios de cada curso, constituirase o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

ANÁLISE DO CONTEXTO

A biblioteca está situada na primeira planta do edificio. É un local amplo e luminoso. Está dotada dun retroproector, unha pizarra branca, un ordenador para o empréstimo de libros e dous ordenadores de consulta. En canto ao mobiliario, dispoñemos de catro mesas, dezaseis cadeiras e dous sillóns para o alumnado de educación infantil. Tamén existen estantes para os libros e un expositor coas novidades. Na entrada temos un taboleiro para expoñer diferentes traballos.

Contamos cuns 2300 documentos, na súa maioría libros.

A biblioteca está aberta durante o período lectivo para que calquera profesor que o desexe poida utilizala trasladando alí o seu grupo de alumnos/as para realizar consultar ou outro tipo de actividade que requiran a utilización dos fondos.

OBXECTIVOS

Pretendemos que a biblioteca se transforme nun verdadeiro centro de recursos e un activo servizo de información cuxas actividades se integren nos procesos pedagóxicos do Centro e que os alumnos e as alumnas sexan lectores polivalentes capaces de:

- Utilizar distintos tipos de lectura (silenciosa, en voz alta, lectura rápida, selectiva e lenta).
- Apropriarse de distintos tipos de textos (literarios, científicos, técnicos, argumentativos, continuos e discontinuos).
- Ler en diferentes soportes.
- Ter motivacións variadas para a lectura.
- Apropriarse de diversos espazos de lectura.
- Fomentar intercambios orais para conseguir unha aprendizaxe colaborativa.

- Preparar exposicións orais sobre os traballos realizados.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Realizarase un seguimento deste plan nas diferentes reunións dos órganos de coordinación docente.

A avaliación basearase na realización de enquisas; no grao de participación das propostas do alumnado, familias e docentes; na análise das estatísticas dos empréstitos; na cantidade e calidade das producións, realizadas polo alumnado a proposta da biblioteca; e no grao de utilización de todos os recursos dispoñibles por parte dos usuarios potenciais.

A modificación deste plan será valorado cada final de curso.

A difusión virá dado pola publicación do Proxecto Educativo na páxina web do centro.

13. Plan dixital.

INTRODUCCIÓN

Tal como establece o artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa, os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan dixital.

ANÁLISE DO CONTEXTO – SITUACIÓN DE PARTIDA

No centro hai dispoñible conexión a internet por Wifi e cable. Tamén contamos con dúas liñas telefónicas, e teléfono no despacho de dirección.

Nas aulas de Educación Infantil e Educación Primaria hai un ordenador portátil de mestre/a e unha pantalla dixital. Por outra banda, as aulas de Inglés, Música e PT/AL contan con

ordenador portátil e encerado dixital interactivo. Tamén hai dispoñibles ordenadores na biblioteca (1 para a xestión da mesma e 2 para consulta do alumnado), na aula de Relixión, no Departamento de Orientación, en Secretaría (2) e Dirección (1).

Hai unha aula de informática con ordenadores de sobremesa, conexión a internet por cable e encerado dixital interactivo. Ademais, o centro conta con 17 tabletas Android e ordenadores portátiles (Alumnado en risco de fenda dixital-Aulas móbiles) que se van empregando segundo haxa demanda.

O centro conta cunha páxina web onde se publican os documentos de centro, novas relevantes para a comunidade educativa, difúndense as actividades feitas no centro... e, ademais, un apartado con información sobre a ANPA.

Durante os últimos cursos vense facendo uso da aula virtual para a comunicación co alumnado, programación e avaliación de tarefas...

O profesorado e as familias están acostumados ao uso de EspazoAbalar para a comunicación a través da mensaxería, notificacións, peticións de titorías...

A solución ás incidencias informáticas realízase chamando á Unidade de Atención a Centros (UAC), cando se trata de dispositivos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TICS:

Plan de ensino virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/node/460>

Recursos TIC para o alumnado:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/aulavirtual/>

Plan de continxencia:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/taxonomy/term/123>



OBXECTIVOS

- Concienciar a comunidade educativa da utilización das novas tecnoloxías en relación coa realidade social na que vivimos. Indicador: utilizar as novas tecnoloxías de xeito responsable.
- Fomentar entre o profesorado e o alumnado o emprego da aula virtual como medio de ensino a distancia segundo a idade dos/as discentes. Indicador: utilizar a aula virtual como recurso do ensino.
- Valorar o emprego dos distintos recursos cos que conta o centro: aulas con ordenador, pantallas dixitais... Indicador: utilizar os recursos tecnolóxicos cos que conta o centro.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe logrando a súa integración real no mesmo. Indicador: traballar coas tecnoloxías da información e comunicación como apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Recoller dos distintos equipos docentes información sobre que materiais didácticos lles serían de utilidade e elaboralos, na medida do posible, coas ferramentas que aportan as novas tecnoloxías. Indicador: realizar un banco de recursos para o profesorado.
- Manter actualizada a páxina web e as redes sociais coas que conta o centro. Indicador: actualizar os mecanismos de difusión cos que conta o centro.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Realizarase un seguimento deste plan nas diferentes reunións dos órganos de coordinación docente.

A avaliación basearase na realización de enquisas e no grao de participación das propostas do alumnado, familias e docentes.

A modificación deste plan será valorado cada final de curso.

A difusión virá dado pola publicación do Proxecto Educativo na páxina web do centro.

14. Plan de actividades físicas e hábitos saudables.

INTRODUCCIÓN

Tal como establece o artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa, os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables.

ANÁLISE DO CONTEXTO

A práctica de diaria de deporte e exercicio físico e actividade física que realiza o noso alumnado céntrase principalmente nas sesións de Educación Física e de recreo que teñen no centro. Hai que mencionar que un número non moi elevado de nenos e nenas acoden ás instalacións do Conco para practicar fundamentalmente fútbol.

Con respecto á alimentación, observamos a partir do servizo de comedor, que o alumnado hai alimentos, basicamente verduras, que teñen dificultades para probalos; sen embargo, a froita é un alimento que ten mellor cabida. Observamos tamén que no recreo da xornada de mañá, os nenos e as nenas merendan fundamentalmente galletas e bocadillos.

En relación aos hábitos de vida saudables, hixiene persoal e descanso, o alumnado reconece a súa importancia da súa práctica na vida cotiá, polo que, en xeral, amosan un nivel aceptable de compromiso neste sentido.

OBXECTIVOS

- Inculcar no noso alumnado a importancia da práctica diaria de exercicio físico e actividade física como parte do seu benestar físico, mental e social. Indicadores: grao de interese do alumnado en participar no Plan Proxecta (Xogade) – nivel de participación en xogos ou actividades que se inicien no centro escolar (recreos, sesións de Educación Física, actividades extraescolares...)
- Fomentar unha alimentación variada e equilibrada. Indicadores: grao de implicación e interese en seguir unha alimentación variada e equilibrada.
- Reforzar hábitos de vida saudable, hixiene persoal e descanso. Indicadores: grao de participación en realización de traballos grupais baseados nos hábitos de vida saudables.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Realizarase un seguimento deste plan nas diferentes reunións dos órganos de coordinación docente.

A avaliación basearase na realización de enquisas e no grao de participación das propostas do alumnado, familias e docentes.

A modificación deste plan será valorado cada final de curso.

A difusión virá dado pola publicación do Proxecto Educativo na páxina web do centro.

15. Avaliación e revisión do Proxecto Educativo.

O procedemento de avaliación realizarase atendendo ás directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Establecemos unha serie de indicadores que nos servirán para realizar as modificacións oportunas:

- O Proxecto Educativo reflicte as características do entorno social do centro.
- O Proxecto Educativo reflicte as características do entorno cultural do centro.
- O Proxecto Educativo atende ás características do alumnado e, en xeral, da comunidade educativa.
- O Proxecto Educativo respecta os principios, obxectivos e, en xeral, a estruturación que marca a lexislación vixente.
- A comunidade educativa é consciente suficientemente da existencia deste tipo de documento.

A revisión e actualización realizarase cada catro anos e, en todo caso, cando os cambios legislativos así o aconsellen.

O presente Proxecto Educativo foi informado no Claustro o 05 de xuño de 2024 e aprobado polo Consello Escolar o 28 de xuño de 2024.

O PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR



Aso.: Daniel Mato Neira